CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar, mesmo en contornas moderadamente ruidosas a través de diversos soportes.	Comprensión escrita		
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como de textos de ficción, sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.	Comprensión oral		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información.	Comprensión xeral de textos complexas	TI	90
CA1.4 - Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados, adecuados á situación comunicativa e en diferentes rexistros sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	Expresión oral		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Mobilizar coñecementos previos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e os interlocutores, e ofrecendo explicacións, argumentos e comentarios	Participación na clase		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma flexible e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Participar en debates		
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas frecuentes de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	mediar sobre temas de complexidade de contido		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo das interlocutoras e dos interlocutores.	Explicar textos coas propias palabras		
CA2.1 - Comparar e argumentar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	Utilizar o galego como base		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar recursos dixitais en portugués		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe e realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe facendo eses progresos e dificultades explícitos e compartíndoos.	Facer autoavaliación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, analizando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación	Intervir de maneira respetuosa		
CA3.2 - Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Mostrar respecto polas outras culturas		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Respectar as culturas dos países de lingua portuguesa		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. - Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto e organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas. - Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...). - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. Alfabeto fonético básico. - Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura e selección de información e curación de contidos:

Contidos

- dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e a outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Favoreceremos o traballo individual e cooperativo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, a capacidade do alumnado de aprender por si propio, assim como a transferencia e a aplicación do aprendido.

O papel da profesora é como fornecedora de ferramentas para favorecer a aprendizaxe autónoma, a procura dos intereses persoais e o acompañamento para o desenvolvemento deses intereses.

A metodoloxía aplicada nas clases de segunda lingua estranxeira, guíaranse polos seguintes puntos:

- Activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual do alumnado como o cooperativo, fomentando o traballo autónomo e a autoavaliación, de cara a procurar os progresos.
- Aprendizaxe significativa, de modo que as novas adquisicións do estudante enlacen cos coñecementos previos, tanto do seu repertorio lingüístico como do mundo, para dar lugar a reestruturacións mentais cada vez máis inclusivas, amplas e ricas.
- Aprendizaxe funcional, segundo o cal as actividades de ensino-aprendizaxe parten de situacións reais, académicas e sociais, e retornan a elas en formas diversas de aplicación científica, técnica, social, etcétera.
- Recursos didácticos diversos e fontes de información variadas, coa intención de chegar ás preferencias, gustos e habilidades dun maior número de alumnado, e ofrecer unha visión o máis ampla posible das culturas que vehicula a lingua estranxeira.

- Métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.
- Emprego do portugués como lingua vehicular, tanto nas interaccións orais como nas escritas, favorecendo que o alumnado tamén a empregue para dirixirse ao profesorado, mais tamén aos seus iguais.
- Metodoloxía de proxectos, para unha adquisición eficaz das competencias. Diseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- Como fomento da lectura teremos un libro de lectura obrigatoria no primeiro trimestre que terá peso na avaliación.
- Interdisciplinariade. Implementaranse proxectos comúns a varias materias, que contribúan á adquisición de contidos de todas elas e poidan ser avaliados baixo diferentes aspectos, contribuíndo no alumnado á percepción dun ensino máis global e coherente e rentabilizando o seu traballo e esforzo.
- Reflexión sobre o funcionamento da lingua, encamiñándoa a que o alumnado poida utilizar os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as alleas.
- Tratarase o erro como un elemento necesario no proceso de aprendizaxe, evidenciando que calquera falante e aprendiz dunha lingua estranxeira os comete. Levaranse a cabo correccións conxuntas e sistemáticas das producións realizadas no grupo ou producións alleas, mostrando que a detección de erros contribúe a evitar os propios. Valorarase positivamente a expresión, mesmo con erros ou recurso a outras linguas, fronte á non expresión (silencio).
- Recursos dixitais: Farase un uso puntual da aula virtual, presentando material explicativo, tarefas a realizar, probas, etc. Proporanse proxectos que requiran documentarse ou apoiarse en ferramentas dixitais para a súa exposición, contribuíndo así á adquisición da competencia dixital, entre outras.
- Preparación de probas de certificación resulta nunha mellora das destrezas lingüísticas e nun incremento da motivación do alumnado .
- A materia contribúe á competencia plurilingüe ofrecendo oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender (TIL - Tratamento Integrado das Linguas). O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema interno da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.
- O feito de contar coa asignación dunha persoa auxiliar de conversa é un elemento clave para acercar a realidade cultural e lingüística lusófona ao noso alumnado e para facilitar a expresión oral.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Cadernos de traballo
Libros de lectura
Aula virtual
Outros

Os cadernos empregados na aula son absolutamente todos de elaboración persoal da docente. Non tendo libro de texto de referencia os materias baséanse nas necesidades específicas do grupos de alumnos e no ritmo do propio grupo-clase.

Os libros de lectura estarán a disposición do alumnado na propia aula.

A aula virtual será utilizada puntualmente para a realización de tarefas que teñan que ver co soporte dixital. Será utilizado calquera outro recurso que a docente considere interesante para o proceso de aprendizaxe.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial no caso de LE é fundamental, pois teremos alumnado con portugués por primeira vez e alumnado cursando por 5º ano. Esta avaliación é a primeira base para construír os materiais didácticos e para facer os grupos de clase equilibrados, de maneira a detectar as fortalezas e as debilidades de cada alumno.

A avaliación inicial consistirá na comprensión oral e escrita dalgún texto oral e escrito que trate algún asunto de actualidade e unha expresión escrita cun texto de opinión sobre o mesmo asunto. Co resultado desta proba teremos a información suficiente para establecer os diferentes momentos de aprendizaxes do grupo. Así como para detectar necesidades específicas ou fortalezas máis demandantes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	60	100
Proba escrita	10	10	10	10
Táboa de indicadores	90	90	90	90

Criterios de cualificación:

A avaliación formativa será aplicada ao longo de cada avaliación de tres maneiras: avaliación continuada informativa, auto-avaliación informativa e co-avaliación informativa. Tamén será aplicada a avaliación cualificativa-sumativa, é dicir, en cada avaliación realizarase unha avaliación cualificativa, o mesmo que nas convocatorias extraordinarias. Do seguinte xeito:

1. Observación: co obxectivo de avaliar o comportamento do alumnado, os procedementos e as actitudes, mediante actividades de rexistro e listas de verificación para observar situacións tanto previsibles como non previsibles, caderno de clase para recoller os traballos diarios.
2. Repaso: para avaliar os procedementos, análise do caderno de clase e análise de producións, traballos, exercicios, etc.
3. Probas específicas: co obxectivo de avaliar conceptos e procedementos mediante probas escritas e orais para coñecer o grao de coñecemento dos contidos, capacidade reflexiva, etc. con enunciados breves, para completar, para emparellar ou opción múltiple. Unha en cada avaliación, considerando as diferentes habilidades (comprensión / expresión escrita; comprensión oral e expresión oral) con adecuación aos bloques de contidos.

Para a cualificación sumativa, en cada avaliación, o profesorado considerará:

- a) Na primeira avaliación o 70% será o resultado da media aritmética dos resultados das probas obxectivas para medir o grao de consecución dos contidos exixíbeis en cada ano, aplicados ás diferentes habilidades: escribir, falar, ler e escoitar. Realizaranse unha probas en cada avaliación que evidencien o coñecemento das diferentes habilidades: comprensión/expresión escrita e comprensión/expresión/interacción oral. Sempre adecuadas aos bloques de contidos. O 20% será para a proba do libro de lectura obrigatorio e o 10% restante para a participación na clase
- b) Na segunda avaliación o 70% será o resultado da media aritmética dos resultados das probas obxectivas para medir o grao de consecución dos contidos exixíbeis en cada ano, aplicados ás diferentes habilidades: escribir, falar, ler e escoitar. Realizaranse unha probas en cada avaliación que evidencien o coñecemento das diferentes habilidades: comprensión/expresión escrita e comprensión/expresión/interacción oral. Sempre adecuadas aos bloques de contidos. Un 20% será para a proba específica de verbos e o 10% restante para a participación na clase
- c) Na terceira avaliación o 70% será o resultado da media aritmética dos resultados das probas obxectivas para medir o grao de

consecución dos contidos exixíbeis en cada ano, aplicados ás diferentes habilidades: escribir, falar, ler e escoitar. Realizaranse unha probas en cada avaliación que evidencien o coñecemento das diferentes habilidades: comprensión/expresión escrita e comprensión/expresión/interacción oral. Sempre adecuadas aos bloques de contidos. O 20% será para a participación e a presentación do proxecto interdisciplinar e o 10% restante para a participación na clase

- O alumnado poderá, en caso de ausencia xustificada, presentarse ás probas escritas ou proceder á entrega de tarefas en datas posteriores ás establecidas polo profesorado. No caso de se observar o uso de métodos fraudulentos nalgunha das probas, a cualificación será de 0 e a avaliación non poderá ser aprobada.

A nota da avaliación final será similar, no xeral, (e non inferior) á da 3ª avaliación, podendo superala até nun punto, no caso de o alumnado manifestar unha clara tendencia de superación continuada ao longo do ano académico. Na cualificación final, cando a media aritmética da terceira avaliación non corresponder a números enteiros, arredondarase para o número inmediatamente superior ou inferior, segundo supere ou sexa inferior ao medio punto. Na avaliación extraordinaria, a cualificación basearase exclusivamente nunha proba de comprensión / expresión escrita, de acordo cos bloques de contidos. O resultado constituirá o 100% da nota da avaliación

Para o cálculo da nota final teranse en conta as seguintes porcentaxes para ponderar os tres trimestres:

a) Primeiro trimestre: 20% b) Segundo trimestre: 20% c) Terceiro trimestre: 60 %.

As cualificacións obtidas ao final de cada trimestre e na avaliación final serán redondeadas, polo que se a nota é 5 ou inferior a 5, a nota obtida será a totalidade, pero se a parte decimal é superior a 5 ficará a criterio do profesorado para actualizar a cualificación ao seguinte número enteiro ou non, tendo en conta diferentes factores como interese, esforzo, participación e posibilidades de progreso do alumnado.

Criterios de recuperación:

Quen promocióne para 2º de bacharelato con SL Portugués pendente de 1º terá que superar a de 2º para recuperar a de 1º. Entendemos que a aprendizaxe dunha lingua é un continuo crecente onde non se desaprende, daí que se o alumno consegue superar a do curso de nivel máis avanzado alcanzou os coñecementos suficientes para superar a materia do curso anterior

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Quen promocióne para 2º de bacharelato con SL Portugués pendente de 1º terá que superar a de 2º para recuperar a de 1º. Entendemos que a aprendizaxe dunha lingua é un continuo crecente onde non se desaprende, daí que se o alumno consegue superar a do curso de nivel máis avanzado alcanzou os coñecementos suficientes para superar a materia do curso anterior

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non é de aplicación no 1º curso de bacharelato. O/a alumno/a pode matricularse na materia sen coñecementos previos.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade é a base principal desta programación, pois baseámonos na adquisición de lingua através dos intereses propios de cada alumno e respetando os ritmos e as diferenzas e capacidades de cada quen. Tendo en conta as debilidades e fortalezas. Isto asociado a todas as indicacións que o equipo de orientación nos transmite nunha colaboración contia.

Ante un abano de alumnado que presenta características diferentes, cómpre adoptar medidas de atención á diversidade que respondan ás necesidades de todo o alumnado, implicando a toda a comunidade educativa e concretamente propostas curriculares e organizativas que atendan á pluralidade de todos. Este tipo de medidas, con independencia de que se trate de alumnos con necesidades educativas especiais (NEE), alumnos con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), alumnos con altas capacidades intelectuais (ACI) ou alumnos con baixa autoestima e desmotivación ou mesmo en risco de sufrimento social. exclusión, debe orientarse en todo momento

cara á consecución das competencias clave esixidas e dos obxectivos delimitados en cada etapa educativa. En xeral, a atención á diversidade na materia portuguesa centrarase nunha metodoloxía de ensino que favoreza a inclusión e desde a diversificación de procedementos e instrumentos de avaliación, permitindo a adaptación a diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe. E se é o caso, con actividades de reforzo educativo co obxectivo de mellorar as competencias clave e actividades para afondar en contidos e estratexias específicas de ensinoaprendizaxe

que permitan ao alumno desenvolver ao máximo a súa capacidade e motivación..

No caso do alumnado con altas capacidades, poranse en práctica unha serie de actividades de enriquecemento curricular axeitadas, que permitan o desenvolvemento das súas capacidades, permitindo a ampliación, nos termos establecidos pola normativa vixente, dos contidos e competencias dos cursos superiores. , sempre dende o respecto, ritmo e estilo de aprendizaxe do alumnado que posúe altas capacidades intelectuais e do alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Tecnoloxías da información e comunicación	X	X	X
ET.5 - Educación cívica	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.8 - Espírito emprendedor		X	X
ET.9 - Valores	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao Instituto Camões de Vigo	Visita didáctica	X		
Conferencia sobre a emigración a Lisboa	no instituto		X	
A lusofonía é o meu caminho	Visita de estudo a Coimbra/ Porto		X	X

Observacións:

O Departamento está aberto a organizar ou a colaborar en calquera actividade, evento ou saída que se lle propoña ou na que teña a ben ser incluído, sempre que houber un interese para a materia e para o alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O alumno alcanzou as súas expectativas
Estabelece, de forma explícita, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.
Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendam de modo equilibrado a avaliación dos diferentes contéudos e das competencias-chave.
Metodoloxía empregada
Planifica as aulas de modo flexíbel, preparando actividades e recursos ajustados à programación de aula e às necesidades e aos intereses do alunado
Relaciona os conceptos novos com os já conhecidos.
Revê, com frequência, os trabalhos propostos nas aulas e fora delas.
Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Tem em conta o tempo disponível para o desenvolvemento da matéria.
Medidas de atención á diversidade
Formula os objetivos didáticos de forma que expressem as competencias a atingir pelo alunado Programa actividades e estratégias em função dos padrões de aprendizagem e das necessidades do alunado.
Desenvolve os contéudos duma forma estruturada e comprensível para os alunos e as alunas.
Clima de traballo na aula
Mostra predisposición para esclarecer dúbidas dentro e fora das aulas.
Promove o traballo cooperativo e mantém uma comunicação fluída com o alunado.
Estimula a participación activa do alunado na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Tem em conta os planos e projetos educativos do centro.
Coordena com o resto do professorado do departamento e da escola que possam ter contéudos afins (Tratamento Integrado de Línguas).

Descrición:

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica vaise revisar segundo se vaian rematando as diferentes unidades didácticas, pero tamén durante a implementación das mesmas, xa que nos podemos atopar con determinados contidos que é preciso engadir ou eliminar segundo se vaian desenvolvendo as diferentes unidades.

No momento da revisión, ao detectárense necesidades pasarase a incluír actividades, tanto para potenciar a oralidade, a escrita, ou os contidos socioculturais que vexamos necesarios.

Durante o ano escolar, realizarase unha observación regular da programación e, ao final de cada trimestre, avaliarase o seguinte:

- A temporalización
- Dificultades encontradas
- Idoneidade dos recursos
- Necesidades detectadas
- Resultados conseguidos
- Adecuación da metodoloxía aos resultados conseguidos na avaliación
- Valoración dos criterios de cualificación.

9. Outros apartados